

# HERBA DO DEMO OU ESTRAMONIO

## (*DATURA STRAMONIUM*)

Margarida Miguens\*

O estramonio leva connosco arredor de 500 anos, foi introducido en Europa aló polo século XVI mediante unhas sementes orixinarias de Turquía. Dise que esta planta é nativa da India e Sudamérica. Adaptouse perfectamente ás nosas condicións polo que se dá ben en toda a xeografía galega desde unha altitude de 1900-2500 m e incluso a nivel do mar, por iso é que está catalogada como especie invasora. Así que neste artigo imos coñecer unha planta que non é galega, pero que si abunda na Galiza. Non obstante, o estramonio non é coñecido polo seu carácter invasor, senón pola súa toxicidade.

Podemos simplificar dicindo que todas as plantas poden ser tóxicas na medida en que descoñezamos os seus compoñentes, as doses e a forma de administralas, pero quizais esta sexa unha das plantas cuns efectos máis nocivos para a nosa saúde se non sabemos empregala. De aí, que se coñeza con nomes tan significativos como "herba do demo", "figueira do inferno", "burladora", etc.

O *Datura stramonium*, como se lle coñece no mundo científico, é moi fácil de recoñecer sobre todo no verán cando florece, ao verse de lonxe unhas grandes flores de ata 20 cm. con forma de trompeta e de cor branca ou verdosa. Tamén a podemos distinguir polo forte cheiro que desprende e polo seu porte de ata 1,5 m de altura.

O talo e as ramas son cilíndricos, lisos e de cor verde máis claro que as follas, que son dentadas nos bordes, e tamén moi grandes. O froito é unha cápsula espiñenta, tamén por iso é coñecida co nome de maza espiñosa, e desta formación é de onde saen as sementes que son de cor pardo escuro ou negras. Delas obtéñense as maiores cantidades de compoñentes tóxicos para o noso organismo.

Existen numerosas lendas e curiosidades referentes ao estramonio, pero menos coñecidos son os seus usos medicinais. Calcular as doses precisas dos seus principios activos é moi complica-



A planta do estramonio.

do, porque estas substancias varían dunha planta a outra debido ás diferentes condicións ecolóxicas, climatolóxicas e incluso da presenza ou non de herbívoros na zona, que estimulan máis ou menos as defensas da planta, que logo se traducen en tóxicos no noso organismo.

Por tanto, o seu uso debe ser exclusivamente externo, sobre todo, como analxésico. Se aplicamos o látex do estramonio humedecido nun algodón, calma a dor de oídos. Tamén se comprobou que a infusión das follas xunto coas da malva e mesturadas con barro en forma de pomada poden ser aplicadas para curar as hemorroides e para tratar as varices. Actualmente, séguense facendo estudos e recéitase polos médicos para paliar algúns dos síntomas do Parkinson.

No ámbito rural, coa herba do demo cúranse as feridas ou os grans xa moi podrecidos do gando, pero o seu uso segue sendo externo. De feito, outro dos nomes desta planta é "rebentavacas", polo dano que lles causaría a estas se a

comesen. As ovellas e as cabras son menos sensíbeis e necesitan doses máis altas para que lles provoque a morte, pero aínda así é tóxica. Normalmente o animal desbota inxerir esta herbácea polo seu mal sabor pero ás veces poden ir entre o penso ou os silos.

Na xardinería tamén é empregada para acabar cas larvas dos insectos, que morren ao alimentarse das súas follas, ao igual que os ratos.

Como curiosidade debemos dicir que as nosas bruxiñas aplicaban esta herba nas zonas xenitais e axilas para ter alucinacións, até tal punto que crían voar enriba dunha vasoira. Os chamáns tamén a fuman para entrar en transe e na cultura mapuche dáselles a probar aos nenos unha soa vez na súa vida para que poidan predicir que serán no futuro.

Desde logo eu quedo coas aplicacións en medicina e xardinería que están máis controladas e estudadas. Os experimentos, para as meigas e bruxos.

\* Marga Miguens é colaboradora de CERNA.